

NOMES GALEGOS PARA AS AVES IBÉRICAS: LISTA COMPLETA E COMENTADA

Miguel A. Conde Teira

Conde Teira, M. A. (1999). Nomes galegos para as aves ibéricas: lista completa e comentada. *Chioglossa*, 1: 121–138.

Preséntase neste traballo unha lista completa e comentada de nomes galegos para as aves da península Ibérica. A lista continúa unha proposta anterior aparecida no Primeiro Congreso Galego de Ornitoloxía e ofrécese á comunidade ornitolóxica galega para o seu uso nas publicacións e actividades colectivas e particulares.

Palabras chave: Lingua galega, nomes de aves, península Ibérica.

INTRODUCCIÓN

Neste traballo propónse unha lista padrón de nomes galegos para as aves ibéricas, entendendo como tales as incluídas en De Juana (1995). A presente lista continúa unha publicación previa do autor (Conde e Vidal, 1991) en que se analizaban propostas anteriores de Pedreira e Penas (1977, 1978) e Penas e Pedreira (1980). En dito traballo de Conde e Vidal (1991) indicábase que a súa proposta “nin moito menos pretende ser definitiva, senón que se ofrece como un instrumento de traballo aberto a posteriores modificacións ou melloras, derivadas do confronto co uso práctico, efectivo, nos ámbitos en que debe ser utilizada”. Para asentar ditas propostas, e con intención de duración no tempo nace o presente traballo, que pretende proporcionar á comunidade ornitolóxica galega unha lista fiable, coherente e harmónica coas outras normas lusófonas e as demais linguas occidentais.

MÉTODOS

Para a selección dos nomes xenéricos seguíuse basicamente a Conde e Vidal (1991) e Penas e Pedreira (1990). Dáse preferencia a nomes simples, claros, concisos, con difusión popular notable e tradición escrita. Para as aves sen denominación galega

previa acudiuse ás denominacións propostas nas diferentes listas do portugués europeo, especialmente a de Sacarrão e Soares (1979) e no portugués americano (Sick, 1993). Seleccionáronse de entre elas as que mellor continúen os usos presentes nas demais linguas europeas occidentais. Tamén se tivo especialmente en conta a nova lista portuguesa dos nomes das aves do Paleártico Occidental, en preparación na actualidade, incorporando algunhas solucións que previsiblemente se presentarán nela (H. Costa, com. pers.).

Con referencia ós adxectivos modificadores séguese basicamente a proposta de Conde e Vidal (1991), continuadora dos usos en Sacarrão e Soares (1979), por un lado, e por outro máis acorde cos usos nas demais linguas occidentais. Porén, en ocasións dáse preferencia a formas populares galegas antes cás cultas, sobre todo cando estas definan mellor os trazos da ave. Consultáronse tamén os adxectivos usados habitualmente en inglés (ing.), alemán (al.), catalán (cat.), italiano (it.), español (esp.) e francés (fr.).

A continuación expónse a lista padrón. Os números á esquerda remiten a comentarios situados ó final. Elimínouse o calificativo común na maioría das especies que o tiñan, a excepción daquelas en que o seu uso resulte clarificador en xéneros moi diversificados. Procurouse a conversión dos nomes propostos en denominacións binomiais, excepto cando resulten formas pouco usuais ou demasiado forzadas en relación ós usos correntes.

GAVIIDAE (mobellas)

<i>Gavia stellata</i>	Mobella Pequena
<i>Gavia arctica</i>	Mobella Ártica
<i>Gavia immer</i>	Mobella Grande
<i>Gavia adamsii</i>	Mobella de Bico Branco

PODICIPEDIDAE (mergullóns)

<i>Podilymbus podiceps</i>	Mergullón Bicogroso
<i>Tachybaptus ruficollis</i>	Mergullón Pequeno (1)
<i>Podiceps cristatus</i>	Mergullón Cristado
<i>Podiceps auritus</i>	Mergullón Real
<i>Podiceps grisegena</i>	Mergullón Cincento
<i>Podiceps nigricollis</i>	Mergullón de Pescozo Negro

DIOMEDEIDAE (albatros)

<i>Diomedea melanophris</i>	Albatros Olleirudo (2)
<i>Diomedea exulans</i>	Albatros Viaxeiro

PROCELLARIDAE (pardelas)

<i>Fulmarus glacialis</i>	Fulmar
<i>Bulweria bulwerii</i>	Pardela de Bulwer
<i>Calonectris diomedea</i>	Pardela Cincenta
<i>Puffinus gravis</i>	Pardela Encapuchada
<i>Puffinus griseus</i>	Pardela Escura
<i>Puffinus puffinus</i>	Furabuchos Atlántico (3)
<i>Puffinus yelkouan</i>	Furabuchos
<i>Puffinus assimilis</i>	Pardela Pequena

HYDROBATIDAE (paíños)

<i>Oceanites oceanicus</i>	Paíño de Wilson
<i>Pelagodroma marina</i>	Calcamar (4)
<i>Hydrobates pelagicus</i>	Paíño Pequeno
<i>Oceanodroma leucorhoa</i>	Paíño de Rabo Gallado
<i>Oceanodroma castro</i>	Paíño da Madeira

PHAETHONTIDAE (rabixuncos)

<i>Phaethon aethereus</i>	Rabixunco (5)
---------------------------	---------------

SULIDAE (mascatos)

<i>Sula dactylatra</i>	Atobá Grande (6)
<i>Sula leucogaster</i>	Mascato Pardo
<i>Sula bassana</i>	Mascato
<i>Sula capensis</i>	Mascato do Cabo

PHALACROCORACIDAE (corvos mariños)

<i>Phalacrocorax carbo</i>	Corvo Mariño Grande
----------------------------	---------------------

<i>Phalacrocorax aristotelis</i>	Corvo Mariño Cristado
<i>Phalacrocorax pygmaeus</i>	Corvo Mariño Pígmico

PELECANIDAE (pelicanos)

<i>Pelecanus onocrotalus</i>	Pelicano Branco (7)
<i>Pelecanus crispus</i>	Pelicano Crespo

FREGATIDAE (rabiforcados)

<i>Fragata magnificens</i>	Rabiforcado (8)
----------------------------	-----------------

ARDEIDAE (garzas)

<i>Botaurus stellaris</i>	Abetouro
<i>Botaurus lentiginosus</i>	Abetouro Americano
<i>Ixobrychus minutus</i>	Garza Pequena
<i>Nycticorax nycticorax</i>	Garza da Noite
<i>Ardeola ralloides</i>	Garza Caranguexeira
<i>Bubulcus ibis</i>	Garza Boieira
<i>Egretta gularis</i>	Garzota dos Arrecifes
<i>Egretta garzetta</i>	Garzota (9)
<i>Egretta alba</i>	Garzota Grande
<i>Ardea cinerea</i>	Garza Real
<i>Ardea purpurea</i>	Garza Vermella

CICONIIDAE (cegoñas)

<i>Ciconia nigra</i>	Cegoña Negra
<i>Ciconia ciconia</i>	Cegoña Branca
<i>Leptotilus crumeniferus</i>	Marabú

THRESKIORNITHIDAE (ibis e cullereiros)

<i>Plegadis falcinellus</i>	Mazarico Negro
<i>Geronticus eremita</i>	Ibis Pelado (10)
<i>Platalea leucorodia</i>	Cullereiro
<i>Platalea alba</i>	Cullereiro Africano

PHOENICOPTERIDAE (flamingos)

<i>Phoenicopterus ruber</i>	Flamingo
<i>Phoenicopterus minor</i>	Flamingo Pequeno

ANATIDAE (parrulos)

<i>Dendrocygna bicolor</i>	Cerceta Caneleira (11)
<i>Dendrocygna viduata</i>	Ireré (11)
<i>Cygnus olor</i>	Cisne Mudo
<i>Cygnus colombianus</i>	Cisne Pequeno
<i>Cygnus cygnus</i>	Cisne Bravo
<i>Anser fabalis</i>	Ganso Campestre
<i>Anser brachyrhynchus</i>	Ganso Bico-curto
<i>Anser albifrons</i>	Ganso de Testa Branca

<i>Anser erythropus</i>	Ganso Pequeno	<i>Gypaetus barbatus</i>	Quebraósos
<i>Anser anser</i>	Ganso Bravo	<i>Neophron percnopterus</i>	Voitre Branco (26)
<i>Anser indicus</i>	Ganso de Cabeza Listada (12)	<i>Gyps fulvus</i>	Voitre
<i>Anser caerulescens</i>	Ganso das Neves	<i>Gyps rueppellii</i>	Voitre de Rüpell
<i>Branta canadensis</i>	Ganso do Canadá	<i>Aegyptius monachus</i>	Voitre Negro
<i>Branta leucopsis</i>	Ganso de Cara Branca	<i>Circus gallicus</i>	Aguia Cobreira
<i>Branta bernicla</i>	Ganso de Cara Negra	<i>Circus aeruginosus</i>	Tartaraña das Xunqueiras (27)
<i>Branta ruficollis</i>	Ganso Paporrubio	<i>Circus cyaneus</i>	Gatafornela (28)
<i>Alopochen aegyptiacus</i>	Ganso do Exipto	<i>Circus macrourus</i>	Tartaraña de Papo Branco
<i>Tadorna ferruginea</i>	Pato Canelo (13)	<i>Circus pygargus</i>	Tartaraña Cincenta
<i>Tadorna tadorna</i>	Pato Branco	<i>Accipiter gentilis</i>	Azor
<i>Aix galericulata</i>	Pato Mandarín	<i>Accipiter nisus</i>	Gabián
<i>Anas penelope</i>	Asubiador (14)	<i>Accipiter brevipes</i>	Gabián Grego
<i>Anas americana</i>	Asubiador Americano	<i>Buteo buteo</i>	Miñado
<i>Anas falcata</i>	Pato Falcado (15)	<i>Buteo rufinus</i>	Miñado Mourro
<i>Anas strepera</i>	Pato Frisado (16)	<i>Buteo lagopus</i>	Miñado Calzado
<i>Anas formosa</i>	Cerceta do Baical	<i>Aquila pomarina</i>	Aguia Pomerana
<i>Anas crecca</i>	Cerceta	<i>Aquila clanga</i>	Aguia Manchada
<i>Anas platyrhynchos</i>	Lavanco	<i>Aquila rapax</i>	Aguia Rapaz
<i>Anas acuta</i>	Pato Rabilongo (17)	<i>Aquila adalberti</i>	Aguia Imperial
<i>Anas querquedula</i>	Cerceta Albela (18)	<i>Aquila chrysaetos</i>	Aguia Real
<i>Anas discors</i>	Cerceta Aliazul	<i>Hieraaetus pennatus</i>	Aguia Calzada
<i>Anas clypeata</i>	Cullerete (19)	<i>Hieraaetus fasciatus</i>	Aguia Perdigueira (29)
<i>Marmaronetta angustirostris</i>	Cerceta Parda		
<i>Netta rufina</i>	Pato Rubio		
<i>Aythya ferina</i>	Pato Chupón (20)	PANDIONIDAE	
<i>Aythya collaris</i>	Pato de Colar	<i>Pandion haliaetus</i>	Aguia Pescadora
<i>Aythya nyroca</i>	Pato Castaño		
<i>Aythya fuligula</i>	Pato Cristado	FALCONIDAE (falcóns)	
<i>Aythya marila</i>	Pato Bastardo	<i>Falco naumanni</i>	Lagarteiro das Torres
<i>Aythya affinis</i>	Pato Bola	<i>Falco tinnunculus</i>	Lagarteiro
<i>Somateria mollissima</i>	Éider	<i>Falco vespertinus</i>	Lagarteiro Patirrubio
<i>Somateria spectabilis</i>	Éider Real	<i>Falco columbarius</i>	Esmerillón
<i>Clangula hyemalis</i>	Pato Rabeiro (21)	<i>Falco subbuteo</i>	Falcón Pequeno
<i>Melanitta nigra</i>	Pentumeiro (22)	<i>Falco eleonorae</i>	Falcón da Raíña
<i>Melanitta fusca</i>	Pentumeiro de Á Branca	<i>Falco biarmicus</i>	Alfaneque (30)
<i>Melanitta perspicillata</i>	Pentumeiro Careto	<i>Falco rusticolus</i>	Xerifalte
<i>Bucephala albeola</i>	Ollodourado de Touca	<i>Falco peregrinus</i>	Falcón Peregrino
<i>Bucephala islandica</i>	Ollodourado Islandés	<i>Falco pelegrinoides</i>	Falcón Tagarote
<i>Bucephala clangula</i>	Ollodourado (23)		
<i>Mergus albellus</i>	Mergo Pequeno	TETRAONIDAE (lagopos e pitas do monte)	
<i>Mergus serrator</i>	Mergo Cristado	<i>Lagopus mutus</i>	Perdiz das Neves
<i>Mergus merganser</i>	Mergo Grande	<i>Tetrao urogallus</i>	Pita do Monte
<i>Oxyura jamaicensis</i>	Malvasía Americana		
<i>Oxyura leucocephala</i>	Malvasía		

ACCIPITRIDAE (aguias e voitres)

<i>Pernis apivorus</i>	Miñado Abelleiro
<i>Elanus caeruleus</i>	Lagarteiro Cincento
<i>Milvus migrans</i>	Millafre Negro (24)
<i>Milvus milvus</i>	Millafre Real
<i>Haliaeetus albicilla</i>	Pigargo (25)

PHASIANIDAE (perdices e faisáns)

<i>Alectoris rufa</i>	Perdiz
<i>Alectoris barbara</i>	Perdiz Moura
<i>Perdix perdix</i>	Charrela
<i>Coturnix coturnix</i>	Paspallás
<i>Phasianus colchicus</i>	Faisán

TURNICIDAE

Turnix sylvatica Tourón

RALLIDAE (galiñosas)

Rallus aquaticus Rascón (31)
Porzana porzana Poliña Pinta (32)
Porzana carolina Poliña Americana
Porzana parva Poliña Bastarda
Porzana pusilla Poliña Pequena
Crex crex Guión de Paspallás (33)
Gallinula chloropus Galiñola (34)
Porphyryla alleni Camón de Allen
Porphyryla martinica Camón Americano
Porphyrio porphyrio Camón
Fulica atra Galiñola Negra
Fulica americana Carquexa (35)
Fulica cristata Galiñola Cristada

GRUIDAE (grous)

Grus grus Grou
Anthropoides virgo Grou Pequeno

OTIDIDAE (avetardas)

Tetrax tetrax Sisón
Otis tarda Avetarda

HAEMATOPODIDAE

Haematopus ostralegus Gabita

RECURVIROSTRIDAE (pernalongas e avocetas)

Himantopus himantopus Pernalonga (36)
Recurvirostra avocetta Avoceta

BURHINIDAE

Burhinus oedinenus Alcaraván (37)

GLAREOLIDAE (corredeiras e perdices do mar)

Cursorius cursor Corredeira (38)
Glareola pratincola Perdiz de Mar (39)

CHARADRIIDAE (píllaras, avefrías e similares)

Charadrius dubius Píllara Pequena (40)
Charadrius hiaticula Píllara Real
Charadrius semipalmatus Píllara Semipalmada
Charadrius vociferus Píllara Rabirrubia

Charadrius alexandrinus Píllara das Dunas
Charadrius mongolus Píllara Mongola
Charadrius morinellus Píllara Rubia
Pluvialis fulva Píldora Dourada Siberiana
Pluvialis dominica Píldora Dourada Americana
Pluvialis apricaria Píldora Dourada
Pluvialis squatarola Píldora Cincenta
Chettusia gregaria Avefría Sociable
Vanellus vanellus Avefría

SCOLOPACIDAE (pilros, mazaricos e similares)

Calidris tenuirostris Pilro de Bering
Calidris canutus Pilro Gordo
Calidris alba Pilro Tridáctilo
Calidris pusilla Pilro Semipalmado
Calidris mauri Pilro de Maur
Calidris minuta Pilro Pequeno
Calidris temminckii Pilro de Temminck
Calidris minutilla Pilro Minúsculo
Calidris fuscicollis Pilro de Bonaparte
Calidris bairdii Pilro de Baird
Calidris melanotos Pilro Peitoral
Calidris ferruginea Pilro Ferruxento
Calidris maritima Pilro Escuro
Calidris alpina Pilro Común
Limicola falcinellus Pilro Falcinelo
Micropalama himantopus Pilro Patilongo
Tryngites subruficollis Pilro Canelo
Philomachus pugnax Combatente
Lymnocyptes minimus Becacina Pequena
Gallinago gallinago Becacina (41)
Gallinago media Becacina Real
Limnodromus griseus Mazarico Cincento
Limnodromus scolopaceus Mazarico Escolopáceo
Scolopax rusticola Arcea
Limosa limosa Mazarico Rabinegro
Limosa lapponica Mazarico Rubio
Numenius phaeopus Mazarico Chiador
Numenius tenuirostris Mazarico Fino
Numenius arquata Mazarico Real
Tringa erythropus Bilurico Escuro
Tringa totanus Bilurico Patirrubio
Tringa stagnatilis Bilurico Fino
Tringa nebularia Bilurico Claro
Tringa melanoleuca Bilurico Patiamarelo Grande
Tringa flavipes Bilurico Patiamarelo Pequeno
Tringa solitaria Bilurico Solitario
Tringa ochropus Bilurico Alinegro
Tringa glareola Bilurico Bastardo
Xenus cinereus Bilurico do Terek
Actitis hypoleucos Bilurico das Rochas
Actitis macularia Bilurico Maculado
Arenaria interpres Virapedras (42)

Phalaropus tricolor Falaropo de Wilson
Phalaropus lobatus Falaropo Bicofino
Phalaropus fulicarius Falaropo Bicogroso

Cephus grylle Arao de Á Branca
Alle alle Arao Pequeno (50)
Fratrercula arctica Arao Papagaio (51)

STERCORARIDAE (palleiras)

Stercorarius pomarinus Palleira Pomarina (43)
Stercorarius parasiticus Palleira Parasita
Stercorarius longicaudus Palleira Rabilonga
Stercorarius skua Palleira Grande

PTEROCLIDIDAE (cortizois e gangas)

Pterocles orientalis Cortizol Común (52)
Pterocles alchata Ganga (52)
Syrhaptis paradoxus Ganga de Pallas

LARIDAE (gaivotas)

Larus melanocephalus Gaivota Cabecinegra
Larus atricilla Gaivota Alegre (44)
Larus pipixcan Gaivota de Franklin
Larus minutus Gaivota Pequena
Larus sabini Gaivota de Sabine
Larus philadelphia Gaivota de Bonaparte
Larus ridibundus Gaivota Chorona
Larus cirrocephalus Gaivota de Cabeza Cincenta
Larus genei Gaivota Bico fina
Larus audouinii Gaivota de Audouin
Larus delawarensis Gaivota do Delaware
Larus canus Gaivota Cana
Larus fuscus Gaivota Escura
Larus argentatus Gaivota Arxétea
Larus cachinnans Gaivota Patiamarela
Larus glaucooides Gaivota Polar
Larus hyperboreus Gaivota Hiperbórea
Larus marinus Gaivotón (45)
Rhodostethia rosea Gaivota Rosada
Rissa tridactyla Gaivota Tridáctila

COLUMBIDAE (pombos e rulas)

Columba livia Pomba das Rochas
Columba oenas Pombo Pequeno (53)
Columba palumbus Pombo Torcaz
Streptopelia decaocto Rula Turca
Streptopelia turtur Rula

PSITTACIDAE (papagaios)

Myiopsitta monachus Cata (54)
Psittacula krameri Catorra de Kramer (55)

CUCULIDAE (cuocos)

Clamator glandarius Cuco Real
Cuculus canorus Cuco

TYTONIDAE

Tyto alba Curuxa

STRIGIDAE (mouchos, bufos e curuxas)

Otus scops Mouchos de Orellas
Bubo bubo Bufo Real
Athene noctua Mouchos
Strix aluco Avelaiona (56)
Asio otus Bufo Pequeno
Asio flammeus Curuxa das Xunqueiras
Asio capensis Curuxa Moura
Aegolius funereus Mouchos de Tengmalm

STERNIDAE (carráns e gaivinas)

Gelochelidon nilotica Carrán de Bico Curto (46)
Sterna caspia Carrán do Caspio
Sterna maxima Carrán Real
Sterna bengalensis Carrán Bengalés
Sterna sandvicensis Carrán Cristado (47)
Sterna dougallii Carrán Rosado
Sterna hirundo Carrán Común
Sterna paradisaea Carrán Ártico
Sterna fuscata Carrán Escuro
Sterna albifrons Carrán Pequeno
Chlidonias hybridus Gaivina de Cara Branca (48)
Chlidonias niger Gaivina Negra
Chlidonias leucopterus Gaivina de Á Branca

CAPRIMULGIDAE (avenoiteiras)

Caprimulgus europaeus Avenoiteira Cincenta (57)
Caprimulgus ruficollis Avenoiteira Papuda

ALCIDAE (araos)

Uria aalge Arao
Alca torda Carolo (49)

APODIDAE (cirrios)

Hirundapus caudacutus Andoriñón Mongol (58)
Apus apus Cirrio
Apus pallidus Cirrio Pálido
Apus melba Andoriñón Real

<i>Apus caffer</i>	Cirrio Cafre		
<i>Apus affinis</i>	Cirrio Pequeno		
ALCEDINIDAE			
<i>Alcedo atthis</i>	Picapeixe (59)		
MEROPIDAE (abellarucos)			
<i>Merops superciliosus</i>	Abellaruco de Cara Azul (60)		
<i>Merops apiaster</i>	Abellaruco		
CORACIIDAE			
<i>Coracias garrulus</i>	Rolieiro (61)		
UPUPIDAE			
<i>Upupa epops</i>	Bubela		
PICIDAE (petos)			
<i>Jynx torquilla</i>	Peto Formigueiro (62)		
<i>Picus viridis</i>	Peto Verde (63)		
<i>Dryocopus martius</i>	Peto Negro		
<i>Sphyrapicus varius</i>	Peto de Barriga Amarela		
<i>Dendrocopos major</i>	Peto Real		
<i>Dendrocopos medius</i>	Peto Mediano		
<i>Dendrocopos leucotos</i>	Peto de Dorso Branco		
<i>Dendrocopos minor</i>	Peto Pequeno		
<i>Picooides tridactylus</i>	Peto Tridáctilo		
ALAUDIDAE (lavercas)			
<i>Chersophilus duponti</i>	Calandra de Dupont		
<i>Melanocorypha calandra</i>	Calandra Real (64)		
<i>Calandrella brachydactyla</i>	Calandriña		
<i>Calandrella rufescens</i>	Calandriña das Marismas		
<i>Galerida cristata</i>	Cotovia Cristada		
<i>Galerida theklae</i>	Cotovia Montesa		
<i>Lullula arborea</i>	Cotovia Pequena		
<i>Alauda arvensis</i>	Laverca		
<i>Eremophila alpestris</i>	Laverca Cornuda		
HIRUNDINIDAE (andoriñas)			
<i>Riparia riparia</i>	Andoriña das Barreiras		
<i>Ptyonoprogne rupestris</i>	Andoriña dos Penedos		
<i>Hirundo rustica</i>	Andoriña		
<i>Hirundo daurica</i>	Andoriña Dáurica		
<i>Delichon urbica</i>	Andoriña de Cu Branco		
MOTACILLIDAE (picas e lavadeiras)			
<i>Anthus novaeseelandiae</i>		Pica de Richard	
<i>Anthus campestris</i>		Pica Campestre	
<i>Anthus trivialis</i>		Pica das Árbores	
<i>Anthus pratensis</i>		Pica dos Prados	
<i>Anthus cervinus</i>		Pica de Gorxa Rubia	
<i>Anthus petrosus</i>		Pica Costeira	
<i>Anthus spinoletta</i>		Pica Alpina (65)	
<i>Motacilla flava</i>		Lavadeira Amarela	
<i>Motacilla citreola</i>		Lavadeira Citrina	
<i>Motacilla cinerea</i>		Lavadeira Real (66)	
<i>Motacilla alba</i>		Lavadeira Branca	
PYCNONOTIDAE			
<i>Pycnonotus barbatus</i>			Bulbul
BOMBICILLIDAE			
<i>Bombicilla garrulus</i>			Picoteiro (67)
CINCLIDAE			
<i>Cinclus cinclus</i>			Merlo Rieiro
TROGLODYTIDAE			
<i>Troglodytes troglodytes</i>			Carriza
PRUNELLIDAE (azulentas)			
<i>Prunella modularis</i>			Azulenta
<i>Prunella collaris</i>			Azulenta Alpina
TURDIDAE (tordos, merlos e similares)			
<i>Cercotrichas galactotes</i>			Rousinol do Mato
<i>Erithacus rubecula</i>			Paporrubio
<i>Luscinia megarhynchos</i>			Rousinol (68)
<i>Luscinia svecica</i>			Papoazul
<i>Phoenicurus ochruros</i>			Rabirrubio
<i>Phoenicurus phoenicurus</i>			Rabirrubio de Testa Branca
<i>Phoenicurus moussieri</i>			Rabirrubio Diademado
<i>Saxicola rubetra</i>			Chasco Norteño
<i>Saxicola torquata</i>			Chasco
<i>Oenanthe isabellina</i>			Pedreiro Isabel
<i>Oenanthe oenanthe</i>			Pedreiro Cincento (69)
<i>Oenanthe hispanica</i>			Pedreiro Rubio
<i>Oenanthe deserti</i>			Pedreiro do Deserto
<i>Oenanthe leucopyga</i>			Pedreiro de Brehm
<i>Oenanthe leucura</i>			Pedreiro Negro
<i>Monticola saxatilis</i>			Merlo Rubio (70)

<i>Monticola solitarius</i>	Merlo Azul
<i>Turdus torquatus</i>	Merlo Papobranco
<i>Turdus merula</i>	Merlo
<i>Turdus pilaris</i>	Tordo Real
<i>Turdus philomelos</i>	Tordo Común
<i>Turdus iliacus</i>	Tordo Rubio (71)
<i>Turdus viscivorus</i>	Tordo Charlo (72)

SILVIIDAE (folosas, papuxas e similares)

<i>Cettia cetti</i>	Rousinol Bravo
<i>Cisticola juncidis</i>	Carriza dos Xuncos (73)
<i>Locustella naevia</i>	Folosa Manchada
<i>Locustella fluviatilis</i>	Folosa Fluvial
<i>Locustella luscinioides</i>	Folosa Unicolor
<i>Acrocephalus melanopogon</i>	Folosa Real
<i>Acrocephalus paludicola</i>	Folosa Acuática
<i>Acrocephalus schoenobaenus</i>	Folosa dos Xuncos
<i>Acrocephalus dumetorum</i>	Folosa de Blyth
<i>Acrocephalus palustris</i>	Folosa Palustre
<i>Acrocephalus scirpaceus</i>	Folosa das Canaveiras
<i>Acrocephalus arundinaceus</i>	Folosa Grande
<i>Hippolais pallida</i>	Folosa Pálida
<i>Hippolais icterina</i>	Folosa Icterina
<i>Hippolais polyglotta</i>	Folosa Amarela
<i>Sylvia sarda</i>	Papuxa Sarda
<i>Sylvia undata</i>	Papuxa do Mato
<i>Sylvia conspicillata</i>	Papuxa Tomiñeira
<i>Sylvia cantillans</i>	Papuxa Carrasqueira
<i>Sylvia melanocephala</i>	Papuxa Cabecinegra
<i>Sylvia hortensis</i>	Papuxa Real
<i>Sylvia nisoria</i>	Papuxa Gabián
<i>Sylvia curruca</i>	Papuxa Cincenta
<i>Sylvia communis</i>	Papuxa Común
<i>Sylvia borin</i>	Papuxa Picafollas
<i>Sylvia atricapilla</i>	Papuxa das Amoras (74)
<i>Phylloscopus trochiloides</i>	Picafollas Troquiloide
<i>Phylloscopus borealis</i>	Picafollas Boreal
<i>Phylloscopus proregulus</i>	Picafollas de Pallas
<i>Phylloscopus inornatus</i>	Picafollas Bilistado
<i>Phylloscopus fuscatus</i>	Picafollas Sombrío
<i>Phylloscopus bonelli</i>	Picafollas de Bonelli
<i>Phylloscopus sibilatrix</i>	Picafollas Asubiador
<i>Phylloscopus collybita</i>	Picafollas Europeo
<i>Phylloscopus trochilus</i>	Picafollas Musical
<i>Regulus regulus</i>	Estreliña do Norte
<i>Regulus ignicapillus</i>	Estreliña Riscada

MUSCICAPIDAE (papamoscas)

<i>Muscicapa striata</i>	Papamoscas Cincento
<i>Ficedula parva</i>	Papamoscas Paporrubio
<i>Ficedula albicollis</i>	Papamoscas de Colar

<i>Ficedula hypoleuca</i>	Papamoscas Negro
---------------------------	------------------

TIMALIDAE

<i>Panurus biarmicus</i>	Ferreiriño de Bigote
--------------------------	----------------------

AEGITHALIDAE

<i>Aegithalus caudatus</i>	Ferreiriño Rabilongo
----------------------------	----------------------

PARIDAE (ferreiriños)

<i>Parus palustris</i>	Ferreiriño Palustre
<i>Parus cristatus</i>	Ferreiriño Cristado
<i>Parus ater</i>	Ferreiriño Negro
<i>Parus caeruleus</i>	Ferreiriño Azul
<i>Parus major</i>	Ferreiriño Real (75)

SITTIDAE

<i>Sitta europaea</i>	Gabeador Azul (76)
-----------------------	--------------------

TICHODROMADIDAE

<i>Tichodroma muraria</i>	Gabeador Vermello
---------------------------	-------------------

CERTHIDAE (gabeadores)

<i>Certhia familiaris</i>	Gabeador Norteño
<i>Certhia brachydactyla</i>	Gabeador

REMIZIDAE

<i>Remiz pendulinus</i>	Ferreiriño de Cara Negra
-------------------------	--------------------------

ORIOOLIDAE

<i>Oriolus oriolus</i>	Ouriolo
------------------------	---------

LANIIDAE (picanzos)

<i>Lanius collurio</i>	Picanzo Vermello
<i>Lanius minor</i>	Picanzo Pequeno
<i>Lanius excubitor</i>	Picanzo Real
<i>Lanius senator</i>	Picanzo Cabecirrubio (77)
<i>Lanius nubicus</i>	Picanzo Nubio

CORVIDAE (corvos, pegas e similares)

<i>Garrulus glandarius</i>	Gaio
<i>Cyanopica cyana</i>	Pega Azul
<i>Pica pica</i>	Pega
<i>Nucifraga caryocatactes</i>	Quebranoces

<i>Pyrhocorax graculus</i>	Choia de Bico Amarelo
<i>Pyrhocorax pyrrhocorax</i>	Choia (78)
<i>Corvus monedula</i>	Gralla Pequena (79)
<i>Corvus frugilegus</i>	Gralla Grande
<i>Corvus corone</i>	Corvo Pequeno (80)
<i>Corvus corax</i>	Corvo Grande

STURNIDAE (estorniños)

<i>Sturnus vulgaris</i>	Estorniño Pinto
<i>Sturnus unicolor</i>	Estorniño Negro
<i>Sturnus roseus</i>	Estorniño Rosado

PASSERIDAE (pardais)

<i>Passer domesticus</i>	Pardal
<i>Passer hispaniolensis</i>	Pardal Mouro (81)
<i>Passer montanus</i>	Pardal Montés
<i>Petronia petronia</i>	Pardal das Rochas
<i>Montifringilla nivalis</i>	Pardal Alpino

ESTRILDIDAE (bicos de coral e similares)

<i>Estrilda astrild</i>	Bico de Coral
<i>Amandava amandava</i>	Bengalí Vermello

FRINGILLIDAE (pimpíns, liñaceiros e similares)

<i>Fringilla coelebs</i>	Pimpín
<i>Fringilla montifringilla</i>	Pimpín do Norte (82)
<i>Serinus serinus</i>	Xirín
<i>Serinus citrinella</i>	Verderolo Serrano
<i>Carduelis chloris</i>	Verderolo
<i>Carduelis carduelis</i>	Xilgaro

COMENTARIOS EN ORDE SISTEMÁTICA

(1) *Tachybaptus* e *Podiceps* spp.: mergullón está rexistrada en Goián (Pontevedra) para "somorgujo" (García, 1985). *Tachybaptus ruficollis* é especie rica en nomes galegos: agurgullador en Cospéito e mergullo no Bierzo (Bernis, 1995), merguillete e augarón na Limia (Villarino, 1997), fonducho en Budiño e Goián (Pontevedra) e chupón en Vixán, Ribeira (Coruña) (datos propios). Seguramente algúns máis aínda vivos. Somorgullo (Penas e Pedreira, 1990) en galego popular témolo identificado sempre para *Cinclus cinclus*, no oriente galego. Para *Podiceps auritus* e *P. griseogena* os adxectivos real e cincento figuran en Penas e Pedreira (1990).

<i>Carduelis spinus</i>	Úbalo (83)
<i>Carduelis cannabina</i>	Liñaceiro
<i>Carduelis flavirostris</i>	Liñaceiro de Bico Amarelo
<i>Carduelis flammea</i>	Liñaceiro Paponegro
<i>Loxia curvirostra</i>	Cruzabico
<i>Bucanetes githagineus</i>	Trompeteiro
<i>Carpodacus erythrinus</i>	Pimpín Carmíneo
<i>Pyrrhula pyrrhula</i>	Cardeal (84)
<i>Coccothraustes coccothraustes</i>	Bicogroso

EMBERIZIDAE (escribentas)

<i>Zonotrichia albicollis</i>	Chingolito (85)
<i>Junco hyemalis</i>	Xunco
<i>Calcarius lapponicus</i>	Escribenta Lapona
<i>Plectrophenax nivalis</i>	Escribenta das Neves
<i>Emberiza leucocephalos</i>	Escribenta de Gmelin
<i>Emberiza citrinella</i>	Escribenta Amarela
<i>Emberiza cirrus</i>	Escribenta Común
<i>Emberiza cia</i>	Escribenta Riscada (86)
<i>Emberiza hortulana</i>	Escribenta Hortelá
<i>Emberiza rustica</i>	Escribenta Rústica
<i>Emberiza pusilla</i>	Escribenta Pigmea
<i>Emberiza aureola</i>	Escribenta Aureolada
<i>Emberiza schoeniclus</i>	Escribenta das Canaveiras
<i>Emberiza bruniceps</i>	Escribenta de Cara Vermella
<i>Emberiza melanocephala</i>	Escribenta Cabecinegra
<i>Miliaria calandra</i>	Trigueirón (87)
<i>Phaeucticus ludovicianus</i>	Realexo (88)

ICTERIDAE

<i>Dolichonyx oryzivorus</i>	Tristepía (89)
------------------------------	----------------

- (2) *Diomedea*: as voces albatros e albatroz teñen a súa orixe no port. albatroz, variante de alcatraz ("mascato"). Do portugués pasaría ó inglés albatross (C.E.D.T., 1992) e daí ó español como albatros. Esta voz castelá foi a que chegou ó galego na lista de Penas e Pedreira (1990). Quizá sería preferible a acentuación na sílaba final, tal como fai o port. actual (albatroz) consonte a súa orixe.
- (3) *Puffinus* spp.: ó separarmos *P. puffinus* de *P. yelkouan* escollemos furabuchos como voz xenérica. Furabucho ou furabuchos é voz da costa fisterrá (Ríos Panisse, 1983) que tén a fortuna de prolongarse popularmente en Portugal e no Brasil. Como un símbolo da súa difusión, na propia crónica do día da descuberta de Brasil polos portugueses no ano 1500, o navegante Pero Vaz de

- Caminha (Jorge e Coimbra, 1979) expresa o seguinte: "...E quarta feira seguinte pela manhã topámos aves a que chamam furabuchos. Neste día a horas da véspera, houemos vista de terra".
- (4) *Pelagodroma marina*: especie sen nome galego, calcamar é denominación pola que se coñece nos arquipélagos da rexión autónoma portuguesa da Madeira, onde é común. Consideramos preferible esta voz popular a outra calquera de carácter cultista. É, alén diso, a forma proposta na nova lista portuguesa en preparación (H. Costa, com. pers.).
 - (5) *Phaeton aethereus*: rabixunco é voz portuguesa e española para esta especie, sendo xa coñecida así desde a Era das Descubertas (Bernis, 1995).
 - (6) *Sula* spp.: atobá é voz brasileira, recollida na nova lista portuguesa e en Sick (1993) para *Sula dactylatra*. Alcatraz-pardo é denominación coñecida en Cabo Verde para *Sula leucogaster* (H. Costa, com. pers.).
 - (7) *Pelecanus* spp.: nótase acentuación grave (pelicáno) conforme a etimoloxía (latín pelicánus).
 - (8) *Fregata* spp.: rabiforcado é nome xa coñecido de vello por mariñeiros portugueses e españois (Bernis, 1995).
 - (9) *Egretta garzetta*: "garza blanca" é voz que rexistrou J. M. Martínez Mariño (com. pers.) para esta especie no Baixo Miño. Garzota, que non é denominación popular galega, úsase en Penas e Pedreira (1990) e téñ unha larga tradición nos textos medievais ibéricos (Bernis, 1995). O emprego de Garzota permite formas binomiais na nomenclatura do xénero *Egretta*.
 - (10) *Geronticus eremita*: preferimos a denominación ibis pelado, que sinala ben unha característica da especie, en vez de ibis calvo (Sacarrão e Soares, 1979), que ademais pode dar lugar a confusións con *Geronticus calvus*. Ibis-pelado é voz seleccionada na nova lista portuguesa en preparación (H. Costa, com. pers.).
 - (11) *Dendrocygna* spp.: cerceta caneleira e ireré son adaptacións das denominacións brasileiras marreca-caneleira e irerê (Sick, 1993), estas últimas recollidas tamén na nova lista portuguesa en preparación (H. Costa, com. pers.).
 - (12) *Anser indicus*: consideramos máis apropiado o nome ganso de cabeza listada do que ganso indio (Sacarrão e Soares, 1979) por reflectir mellor as características da especie, sendo forma tamén proposta na nova lista portuguesa (H. Costa, com. pers.).
 - (13) *Tadorna ferruginea*: pato ferruxento coincide con parrulo ferruxento, *Aythya nyroca* en Penas e Pedreira (1990), polo que consideramos conveniente cambiar a outra forma como pato canelo, que reflicte ben os trazos da ave.
 - (14) *Anas penelope*: consideramos asubiador máis fiel ás denominacións populares do que asubión (Penas e Pedreira, 1990) a pesar dunha certa tradición de uso recente deste último nome, que non téñ referencias vernáculas coñecidas. Na Limia silbador, á parte de sinado e patialbo (Villarino, 1997).
 - (15) *Anas falcata*: pato falcado (do latín falx,-cis "fouciño") é forma escollida pola nova lista portuguesa en preparación (H. Costa, com. pers.) e que nós tamén seguimos con preferencia a marrequinho-de-fouce ("cerceta de fouza"), de Sacarrão e Soares (1979).
 - (16) *Anas strepera*: pato frisado é adaptación do esp. pato friso (ánade friso) e port. frísada por Conde e Vidal (1991). Pato cincento é creación de Penas e Pedreira (1977). As únicas formas populares recollidas son vazcallo e medianeiro, na lagoa da Antela (Villarino, 1997), sen tradición escrita.
 - (17) *Anas acuta*: pato de rabo longo era, xunto con albelo, unha das denominacións da especie na antiga lagoa de Antela (Villarino, 1997).
 - (18) *Anas querquedula*: cerceta do estío (Penas e Pedreira, 1990; Conde e Vidal, 1991) é adaptación do fr. sarcelle d'été. Nelo albelo, é dicir, "cerceta albela" era a denominación usada na antiga lagoa da Antela (Villarino, 1997) e fai referencia á conspicua lista branca dos machos.
 - (19) *Anas clypeata*: cullerete, baixo a forma cullarete, é forma que recolle xa Bernis (1995) para esta anátida en Cospeito.
 - (20) *Aythya* spp.: parrulo é sinónimo de pato na lingua común, por iso carece de xustificación a pretendida diferenciación entre parrulo (pato mergullador) e pato (nadador). No galego popular as únicas formas que coñecemos para *Aythya fuligula* son pato negrón, negrón da carapucha, coronete ("coroete"), e posiblemente tamén pato negro (Villarino, 1997; Bernis, 1995). A identificación de pato negro (M. J. Pérez Alonso, en García, 1985) como *Melanitta* en Goián, Pontevedra, poderíase referir a *Aythya fuligula*. Evitamos o uso de negrón pois é denominación que

- temos recollida da fala tamén para *Fulica atra* en Vixán, Ribeira, Coruña. Para *Aythya ferina* coñecemos negrón roxo e pachurro (Villarino, 1997; Bernis, 1995) sen tradición escrita. Por seguir os usos recentes preferimos manter pato chupón e pato cristado usados en Penas e Pedreira (1990), sendo creacións destes autores.
- (21) *Clangula hyemalis*: pato rabeiro substitúe a parrulo rabudo, *Clangula hyemalis* en Penas e Pedreira (1990) xa que en Conde e Vidal (1991) pato rabudo é *Anas acuta*. A denominación port. pato-de-cauda-afilada (Sacarrão e Soares, 1979) é certamente longa de máis.
- (22) *Melanitta* spp.: pentumeiro, de etimoloxía escura, é voz para *Melanitta* que cita X. M. Penas Patiño (com. pers.) en Malpica, citada en Bernis (1995) como vendumeira (¿quizá bandumeira, de bando?). En Penas e Pedreira (1990) parrulo pentumeiro. En Conde e Vidal (1991) escóllese pato negro, da lista de Sacarrão e Soares (1979). Para *Melanitta fusca* preferimos Pentumeiro de Á Branca, mellor ca pato-fusco (Sacarrão e Soares, 1979), que non di moito. Negrola-d'asa-branca é proposta na nova lista portuguesa para esta última especie (H. Costa, com. pers.).
- (23) *Bucephala* spp.: acollemos para este xénero a voz ollodourado (olho-dourado) proposta na nova lista portuguesa en preparación (H. Costa, com. pers.) e que simplifica a forma previa pato ollo de ouro, para *Bucephala clangula* (Sacarrão e Soares, 1979; Penas e Pedreira, 1990).
- (24) *Milvus*: parece a todas luces útil diferenciar na nomenclatura os xéneros *Milvus* e *Buteo*, problema que case nunca foi afrontado en galego. A cuestión esencial é que os derivados latinos da voz *milvus* deron lugar a denominacións populares para o xénero *Buteo*: miñoto, miñato, mioto, milán, milango, miñata...entre outros. De entre elas miñato está ben establecida para *Buteo buteo* no galego común. A solución que propomos é adoptar unha forma portuguesa actual derivada de *Milvus*, aplicada a este xénero, e sen presenza coñecida hoxe en día en Galicia. É a voz millafre, que a nova lista portuguesa en preparación aplica para *M. milvus* e *M. migrans* (H. Costa, com. pers.) e que tén unha ampla presenza popular en terras sureñas. Unha denominación sinónima é millano, para a que Fernandes Ferreira (1616) fai a seguinte descrición: “Os milhanos há dois géneros, uns ruivos, outros negros; os negros são estrangeiros e andam em peregrinação (...) têm o cabo forçado porque as penas últimas dele são mais compridas que as do meio (...) buscam de comer como as águias, pondo-se altos no ar (...) mas seu próprio comer são carniças morrinhosas.”
- (25) *Haliaeetus albicilla*: introducimos o nome pigargo, tal como se propón na nova lista portuguesa, en vez de aguia mariña (Penas e Pedreira, 1990) ou águia-rabalva (Sacarrão e Soares, 1979). Pigargo procede do grego pygárgos “que tén cola branca”. A voz propúxose no francés, de onde pasou ó español e agora ó galego e portugués.
- (26) *Neophron percnopterus*: o adxectivo branco, con referencia a voitre branco (Penas e Pedreira, 1990; Conde e Vidal, 1991) coincide co vernáculo águila blanca atribuído por Bernis (1995) na provincia de Ourense a este voitre. Ignacio Munilla (com. pers.) rexistra meloufa para esta ave en Vilar de Silva (Rubiá, Ourense), voz que pode estar emparentada con outros vernáculos ibéricos para *Neophron* como milopa e milocha, en Levante (Bernis, 1995). Dado que nas dúas propostas galegas previas propúñase voitre/abutre branco procedemos a manter este nome. En Portugal emprégase abutre-do-Egipto, unha adaptación clara do ing. e fr., aínda que na nova lista en preparación recóllese britango, voz popular (H. Costa, com. pers.).
- (27) *Circus* spp.: tartaraña e variantes (testaraña, tartaña) son nomes galegoportugueses moi antigos e vivos aínda en Galicia. Tartaraña rexístrase por J. L. Couceiro Pérez en Feás (Coruña) como “cernícalo” (García, 1985), mentres que na Agolada (Pontevedra) é citada como *Buteo buteo* (X. M. Patiño, com. pers.). O Padre Sarmiento recolle tartaraña no século XVIII baixo esta definición: “ave de rapiña. Creo hacia Deza” (Pensado, 1973). Na comarca da Ulloa (Lugo) testaraña é rexistrada como *Circus* spp. (Xurxo Mouriño, com. pers.). En Xermade (Lugo) cítase tartaraña como “lagarteiro” (X. M. Penas Patiño, com. pers.). A voz parécese a un verbo galego vivo, tartarañar, “tantear la vaca donde posar el pie por tenerlo dolorido” (J. López Fernández, en García, 1985). Machado (1977) cita textos medievais onde se fala de “tartaranhas brancas”. Fernandes Ferreira (1616) comenta que “ estas

são aves (as tartaranhas) grandes nas asas e estreitas no peito (...) que o mais que caçam são ratos e bichos da terra” e que “todas em geral se chamam tartaranhas, mas debaixo deste nome há quatro espécies bem diferentes. As altaformas são de cor azul-claro, as açorenhas pardas, as rabalvas o mesmo, salvo nas costas junto ao cabo; têm grande quantidade de penas brancas, e as cabeçalvas têm a cabeça branca (...) os bulhafres são grandes e pardos, têm os sancos curtos” Hoxe en día tartaranhão é voz corrente en Portugal para o xénero *Circus*.

- (28) *Circus cyaneus*: gatafornela é nome popular rexistrado no Courel e Cervantes (Lugo), citado como *Circus cyaneus* por X. M. Penas Patiño (com. pers.). Tamén Castroviejo *et al.* (1974) gato fornelo en Ancares para esta especie. Aventuro un precedente medieval para esta voz, a denominación altaforma (Fernandes Ferreira, 1616) para o xénero *Circus*, que chegaría a gatafornela a través dun posible diminutivo; altaformela.
- (29) *Hieraeetus fasciatus*: a especie é denominada aguiá perdigueira polos pastores das rexións portuguesas da Beira e Alentejo (H. Costa, com. pers.) polo que consideramos preferible este nome ó cultista aguiá de Bonelli. En Penas e Pedreira (1990) úsase aguiá perdiceira, de procedencia castelá.
- (30) *Falco* spp.: esmerillón, alfaneque e xerifalte proceden de tratados de falcoería medievais, tanto galegoportugueses como casteláns. Esmerillón e xerifalte son xermánicos, alfaneque de orixe árabe. Borní indícase en Fernandes Ferreira (1616) e Bernis (1995) como falcón propio de España, polo que non parece moi apropiado para *F. biarmicus*, tratándose máis ben dunha raza de *F. peregrinus*. Isto afirma Fernandes Ferreira (1616): “os bornis criam em muitas partes em Alemanha, donde os mais, e no ducado de Sabóia e no reino de Galiza, em Astúrias de Santilhana”. Así mesmo: “os alfaneques criam em África, no reino de Tremecém: têm as cabeças brancas, deles são ruivos, outros pretos na plumagem e têm as coxas longas”, descripción que se axusta a *Falco biarmicus* (Shirihai *et al.*, 1998).
- (31) *Rallus aquaticus*: rascón, castelanismo claro en galego, podería adoptarse na linguaxe ornitolóxica para diferenciar o xénero *Rallus* doutras especies da familia, opción con certa tradición nos textos formais galegos (Penas e Pedreira, 1980; Penas e Pedreira, 1990). En Portugal úsase Frango d’água, “polo de auga” (Sacarrão e Soares, 1979), voz sen uso galego previo. Galiñola bicuda é denominación para *Rallus aquaticus* en Conde e Vidal (1991), sendo creación destes autores sen tradición escrita.
- (32) *Porzana* spp.: propomos o uso dunha forma exclusiva para denominar este xénero. Na lingua popular só coñecemos millarenga, pita cega e pita de auga pequena para *Porzana pusilla* na Limia (Villarino, 1997). Millarenga confúndese con millarengo, voz para *Carduelis cannabina* e *Emberiza cirulus* noutros lugares de Galicia (S.G.H.N, 1995; Pedreira *et al.*, 1990). Pita cega é nome pouco definitorio da especie e pita de auga pequena é moi longo. Pita de auga, ademais, non é exclusiva deste xénero. Tendo en conta as denominacións portuguesas e españolas (frangad’água e polluela) propomos unha forma adaptada ó galego a partir destas, tal como poliña.
- (33) *Crex crex*: en Penas e Pedreira (1990), rascón de terra, adaptación do castelán antigo rascón de tierra. En Conde e Vidal (1991) eliminan rascón por galiñola. Noutros idiomas faise referencia ó pasallás (port. codornizão, esp. guión de codornices, it. re di quaglie, al. Wachtelkönig). Bernis (1995) cita a Arévalo (1897) que dá como nome en Galicia guión de pasallás. Iglesias (1927) dá tamén guión de pasallás. Creo que é adaptación do nome castelán por cazadores. En port. é codornizão, da que sería posible unha adaptación codornizón. Codorniz e coturniz son voces propiamente galegas (do lat. *coturnix*) aínda que a forma xeral é, con moito, pasallás.
- (34) *Gallinula chloropus*: a voz galiñola é curta e concisa, coñecida en diversos lugares de Galicia para denominar esta especie tan común. Moi estendida está tamén pita de auga, polo sur e oriente do país, en canto galiña de río coñécese ben no noroeste. Acontece que na raia e en zonas do sur galiñola é voz para a arcea, tal como en portugués estándar. Por contra “galinhola” para *Gallinula chloropus* está presente en dicionarios portugueses e tamén na lingua popular brasileira para *Gallinula* e *Porphyryula*. *Fulica atra* tamén é denominada galiñola, ademais de negrón, galo, galo grande, galo copo, galo de crista branca (datos propios; Villarino, 1997).

- Segundo S.G.H.N. (1995) alavanco negro e demo negro serían tamén denominacións para esta última especie.
- (35) *Fulica americana*: en Brasil esta especie é coñecida coa denominación carqueja (Sick, 1993) que adaptamos para o galego.
- (36) *Himantopus himantopus*: pernalonga (Conde e Vidal, 1991) foi tomada do port. pernalonga, ó descoñecerse calquera nome galego xenuíno, sendo cando menos voz popular en Figueira da Foz (Pereira, 1979). Patuda, referida por Penas e Pedreira (1990) é creación destes autores. Posteriormente, Villarino (1997) sinala cegoñela como nome popular na antiga lagoa da Antela.
- (37) *Burhinus oedincnemus*: alcaraván, unha ben documentada denominación castelá e portuguesa. xa desde o medievo, aparece baixo a forma galego-portuguesa alcaravom xa no séc. XIII (Machado, 1977). Hoxe alcaravão en portugués. Alcaraván recóllese tamén en Navaza e Lastra (1993) e por Penas e Pedreira (1980). Así e todo non a rexistramos popularmente en Galicia. Sen embargo aparecen outros nomes, como arnabico e pirluís, recollidos por Serafín González en S.G. H.N. (1995), que carecen de tradición escrita coñecida. Por outra parte pernileiro (Penas e Pedreira, 1990) foi recollida por J. A. de Souza (com. pers.) en Sarreaus (Ourense) na década dos 80.
- (38) *Cursorius cursor*: corredeira é voz popular de Cabo Verde (H. Costa, com. pers.) seleccionada para a nova lista portuguesa en preparación.
- (39) *Glareola* spp.: a voz perdiz de mar é probable cultismo e está presente en portugués, italiano e catalán. Segundo Bernis (1995) “lo de perdiz viene por la cabeza con pico y collar aperdigados”. Andoriña de mar (Penas e Pedreira, 1990) recóllea Ríos Panisse (1995) para especie indeterminada en Bueu (Pontevedra) e Alvar (1985-89) para ave mariña en Malpica (Coruña), polo que é imposible que se trate de *Glareola*, especie sureña, accidental e moi rara en Galicia.
- (40) *Charadrius, Pluvialis* spp.: X. M. Penas Patiño (com. pers.) confirma o expresado por Conde e Vidal (1991), estando píldora máis difundido ca píllara. Porén, píllara é empregada na escrita xa polo escritor galego Eduardo Pondal, no século pasado e foi escollida na lista inicial de Penas e Pedreira (1977, 1978). A diferenciación entre píllara e píldora é artificial, sen embargo, non o é menos que a distinción entre pilro, pirlo, píllara, pírua, píldora e píldoro pois todos eles definen na fala de diversos lugares de Galicia a limícolas de pequeno tamaño. Optamos por manter a diferenciación entre píldora (*Pluvialis*) e píllara (*Charadrius*), verdadeiramente rendible.
- (41) *Gallinago* spp., *Lymnocyrtus*: becacina é denominación xa citada para Galicia por Tait (1927) e procede moi probablemente do francés becassine, a través do español becacina, por difusión entre cazadores. Outros nomes son cabra de aire, aguana, aguana, agacha e arceúcha (datos propios).
- (42) *Arenaria interpres*: en todas as linguas europeas consultadas recóllese o cultismo virapedras, adaptado ao léxico de seu: cat: remena-rocs, esp: vuelvepedras, fr: tournepierre, ing: turnstone, al: Steinwölzer. Só en port. rola-do-mar, pero en Brasil vira-pedras. Píllara riscada non é voz popular senón creación de Penas e Pedreira (1990).
- (43) *Stercorarius* spp.: palleira, voz ben difundida entre os mariñeiros coruñeses, considéramola máis apropiada cás escatolóxicas papamerda (Penas e Pedreira, 1990) e merdeiro (Conde e Vidal, 1991) para unha lingua estándar.
- (44) *Larus atricilla*: gaivota alegre, sen dúbida adaptación do ingl. americano Laughing Gull, “gaivota riseira”, é a forma seleccionada na nova lista portuguesa en preparación (H. Costa, com. pers.).
- (45) *Larus marinus*: gaivotón (Penas e Pedreira, 1990) non é voz que teñamos citada como popular en Galicia, pero xustifícase polas características da especie. En Brasil *Larus dominicanus*, lárido semellante, é gaivotão. En Conde e Vidal (1991) gaivota grande, tomada de Sacarrão e Soares (1979). Na nova lista lusa en preparación escóllese tamén gaivotão, que se rexistra como popular en Póvoa de Varzim (H. Costa, com. pers.).
- (46) *Gelochelidon nilotica*: carrán de bico curto, que propomos neste traballo, correspóndese mellor coas características da especie ca carrán de bico grosso (Conde e Vidal, 1991). Na ría de Aveiro coñécese por chagaz ou tagaz, forma recollida na nova lista portuguesa en preparación (H. Costa, com. pers.).
- (47) *Sterna* spp.: firrete, pirrí e mascateira, aplicados por Penas e Pedreira (1990) a diversos carráns, deben de corresponder a denominacións locais dos *Sterna* en xeral, e fundamentalmente *Sterna sandvicensis*. Firrete, rexístrase, coa variante

- ferrete, en Sada, Ares e Pontedeume (Ríos Panisse, 1983). Como mascateira en Panxón, A Guarda e Cangas. Evidentemente non se trata de voz para *Gelochelidon nilotica* (Penas e Pedreira, 1990), puramente accidental, senón con certeza da común *Sterna sandvicensis*. Esta última especie é denominada, por outra parte, pirrí en Sada e Miño, na provincia da Coruña (Ríos Panisse, 1983). A voz gaivina para os carráns rexistrada en Razo-Baldaio por F. Vecino Tomás, “gueibina, pájaro semejante a la gaviota pero más pequeño”, en García (1985), é unha denominación con moitísimo arraigamento en portugués que non tivo fortuna no galego escrito recente.
- (48) *Chlidonias* spp.: charrela é denominación que recolle Villarino (1997) para o xénero *Chlidonias* na antiga lagoa da Antela. Evitamos o uso desta voz por coincidir coa denominación común para *Perdix perdix*. Seleccionamos gaivina, nome popular portugués e dalgunha localidade de Galicia para *Sterna* e *Chlidonias* e que en port. tén un uso ben establecido para este último xénero.
- (49) *Alca torda*: como carolo rexístrase por Ríos Panisse (1983) en diversas localidades do oeste galego, en Sardiñeiro, Abelleira, Muxía e Cangas, que tamén recollo dos mariñeiros de Bouzas (Vigo, Pontevedra) para esta especie.
- (50) *Alle alle*: sobre a voz Arao piro (Penas e Pedreira, 1990), dicir que piro é recollido como “arau xove” en Marín (Otero Álvarez, 1966) sendo a única referencia que temos desta voz, polo que preferimos arao pequeno, proposta de Conde e Vidal (1991), tomando como modelo outras linguas europeas.
- (51) *Fratercula arctica*: galo de mar está abonado por Ríos Panisse (1983) e Bernis (1995) como nome para *Fratercula* en varias localidades do norte galego. Sen embargo coincide coa denominación de *Vanellus vanellus* (galo mariño) en diversas localidades coruñesas (Pedreira *et al.*, 1990; datos propios) e coa de *Phalacrocorax*, ó parecer, en Bueu (Ríos Panisse; 1983). Non é este un feito insólito, pois non é inusual que nomes aplicados a unha especie nunha localidade, noutra denomine outra ben diferente, tanto en galego como en calquera lingua de certa difusión. Arao papagaio é rectificación suxerida por Conde e Vidal (1991). En Penas e Pedreira (1977) figuraba inicialmente como arao loro, e loro é un castelanismo evitable en galego. Outros nomes galegos serían papatortas (Bernis, 1995) e macaví (J. A. de Souza, com. pers.). En port. papagaio-do-mar.
- (52) *Pterocles alchata*: tal como fai a nova lista portuguesa en preparación (H. Costa, com. pers.) recuperamos o nome ganga, popular en certas rexións de Portugal, e xa citado por Fernandes Ferreira (1616) e usado en Penas e Pedreira (1990).
- (53) *Columba* spp.: a especie silvestre común é denominada en xeral pombo, en canto para a doméstica parece preferirse pomba no popular galego. O castelanismo “paloma”, porén, tén unha grande penetración na fala vulgar. No occidente torcaza e torcaza (trucasa) son voces comúns para *Columba palumbus*, moi raramente torcaz. Así mesmo, como pombo bravo coñécese esta especie en diversas localidades galegas (Penas e Pedreira, 1976). Para *Columba oenas* rexístrase pombo pequeno na comarca da Limia, (Villarino, 1997) razón que nos leva a seleccionala. Con referencia a zura, *Columba oenas* en Penas e Pedreira (1990), só coñecemos a voz sura, oída por nós en diversos lugares de Galicia e rexistrada tamén por C. García González en Santiago (Coruña) e J. A. Palacio Sánchez en Pantón, provincia de Lugo (García, 1985) sempre como voz para chamar ás pombas domésticas.
- (54) *Myiopsitta monachus*: entre os paxareiros do sur de Pontevedra a especie coñécese como cata (César Vidal, com. pers.) voz evidentemente relacionada cos nomes brasileiros catorra, caturrita e o esp. cotorra e catita.
- (55) *Psittacula krameri*: catorra de Kramer é a denominación proposta nesta lista (brasileiro catorra, cfr. esp. cotorra de Kramer, cat. cotorra de Kramer), que pensamos preferible a Periquito-rabi-junco, voz portuguesa (H. Costa, com. pers.). A nosa opinión é que periquito debía reservarse para *Melopsittacus undulatus* e especies similares.
- (56) *Strix aluco*: avelaiona, coa variante laiona, é nome popular para a especie no Cebreiro e comarca dos Ancares (X. M. Penas Patiño, com. pers.) con motivación clara no seu trémulo canto.
- (57) *Caprimulgus europaeus*: a especie dispón dun elevado número de nomes populares, proba da grande difusión da mesma en territorio galego: *avenoiteira*, *avenoite*, *bocanoite*, *boasnoites*, *noitebra*, *noitébrega*, *noutarega*, *noiteboá*, *noite-*

- boa, noiteboal, denoiteira, dormitón, cavón, ralo...* ningún deles é maioritario, polo que escollamos *avenoiteira*, voz propia da comarca de Noia, xa usada en Penas e Pedreira (1980, 1990). *Noiteboa* (Conde e Vidal, 1991), de Viana do Bolo, tén ó seu favor a similitude co port. *noitebó*, xa rexistrada no séc. XV (Machado, 1977). Unha forma semellante, *noiteboá*, parece ter unha notable difusión na provincia de Ourense (García, 1985; Villarino, 1997).
- (58) *Hirundapus caudacutus*, *Apus melba*: para a primeira especie andorinhão-mongol é voz escollida por Sacarrão e Soares (1979). Para *Apus melba*, non temos constancia da presenza de andurón (Penas e Pedreira, 1990) como voz popular, polo que adoptamos o port. andorinhão-real en andoriñón real. Andoriño é voz localizada, rexistrada en Galicia para o xénero *Apus*, ó lado das máis comúns cirrío e vencello (X. M. Penas Patiño, com. pers.; García, 1985).
- (59) *Alcedo atthis*: o castelanismo *martín pescador*, con algunhas variantes localizadas (*martiño pescador*, *martín peixeiro*) parece a voz máis difundida popularmente, cando menos na costa (García, 1985; Ríos Panisse, 1983). *Picapeixe* rexístrase, polo menos, en Cesantes (Redondela, Pontevedra) e Pantón, en Lugo (Ríos Panisse, 1983; García, 1985) e é tamén citada por Bernis (1995) nesta última provincia. RAG-ILG (1990) acepta igualmente *picapeixe* e *martiño peixeiro*. En port. hoxe guarda-ríos en Sacarrão e Soares (1979) aínda que *picapeixe* é forma popular moi difundida en Portugal (Alvar, 1985-89) e tén sido empregada e úsase aínda hoxe con frecuencia na linguaxe ornitolóxica. En Brasil *martimpescador* castelanismo ou galicismo.
- (60) *Merops superciliosus*: *abelharuco-de-faces-azúis* é a denominación proposta na nova lista portuguesa en preparación (H. Costa, com. pers.).
- (61) *Coracias garrulus*: tanto Penas e Pedreira (1990) como Conde e Vidal (1991) empregaron *gaio azul*, tomando como modelo o catalán (*gaig blau*) e a variante portuguesa *gaio-azul*. Hoxe en port. *rolieiro* (do fr. *rollier*). Por claras motivacións prácticas consideramos oportuno introducir este nome, *rolieiro*, que permite o uso dunha denominación exclusiva e xeral para os *Coraciidae*.
- (62) *Jynx torquilla*: *pito formigueiro* é voz atribuída a esta especie (X. M. Penas Patiño, com. pers.) na comarca do Bolo, e tamén rexistrada no portugués (Pereira, 1979). *Formigueiro*, por outra parte, é voz tamén para *Picus viridis* (Penas e Pedreira, 1977), feito que non debe estrañar dado os costumes alimentarios deste pícido.
- (63) *Picus viridis*: *pito* (=peto) verdeal é denominación deste pícido, polo menos na comarca do Bolo, A Gudiña, Val de Verín e proximidades de Santiago. Existen tamén máis denominacións que fan referencia á súa coloración: *pito verdiao*, *pito verdeallo*, *pito verdello*, *peto limón*, etc. (Penas e Pedreira, 1977; García, 1983; Taboada, 1988; Pedreira *et al.*, 1990). *Peto verde* é adoptada por Conde e Vidal (1991) como cultismo, tomando o lat. *viridis* e adxectivos en diversas linguas occidentais.
- (64) *Melanocorypha calandra*: trocamos *calandra real* por *calandra grande*, en Conde e Vidal (1991). En esp. *calandria real*, *alondra real* están moi estendidos como vernáculos populares para a especie (Bernis, 1995). *Calandra-real* é tamén proposta na nova lista portuguesa en preparación (H. Costa, com. pers.).
- (65) *Anthus spinoletta*: *pica alpina*, do esp. *bisbita ribereño alpino*, considerámola mellor ca *pica patinegra* (Penas e Pedreira, 1990) e *pica ribeiría* (Conde e Vidal, 1991). En port. *petinha-ribeirinha*.
- (66) *Motacilla cinerea*: *lavandeira real* rexístrase no concello de Ames, provincia da Coruña (Pedreira *et al.*, 1990).
- (67) *Bombycilla garrulus*: en port. foi proposta por Sacarrão e Soares (1979) a voz *tagarela* ("que fala moito"), adaptación probable do fr. *jaseur*, de igual significado. Nas linguas europeas existen moi dispares denominacións desta ave. Na nova lista portuguesa propónse *picoteiro*, con orixe na voz *picotero* rexistrada por Whinnom para o español, en Bernis (1995), que adoptamos para o galego. O cast. *ampelis* procede dun antigo nome científico (Bernis, 1995).
- (68) *Luscinia megarhynchos*: *rousinol* é voz próxima da atribuída como orixinaria, a provenzal *rossinhol* (do lat. *lusciniolus*). *Rousinol* está presente na época medieval e pervive hoxe no sur de Galicia: Ramirás, Verín e Vilardevós (Ourense), coa variante *ruxiñol* en Goián, provincia de Pontevedra (García, 1985). No resto de Galicia predomina, con moito, *reiseñor*, a miúdo coas acep-

cións máis dispares (*Alcedo atthis*, *Oriolus oriolus*, e *Pyrrhula pyrrhula* por exemplo). Reiseñor está, por outra parte, recollido na tradición literaria moderna. Entre roisinol e reiseñor hai toda unha serie de formas intermedias populares: reisiñol, resiñol, reisinol, rusinol (García, 1985; datos propios). En textos medievais portugueses tamén se observan formas intermedias como as anteriores, hoxe rouxinol, aínda que no séc. XIV rousinol (Machado, 1977). A forma reiseñor foi interpretada como orixinada por “etimoloxía popular”. No caso do galego esta evolución puido estar apoiada polo castelán reiseñor. Reiseñor, por certo, é voz popular tamén en Asturias (Noval, 1985). Preferimos, pois, un nome galego de vella tradición, rousinol, e aínda vivo, a adoptar reiseñor. Ambas as voces son recollidas nos dicionarios galegos actuais.

- (69) *Oenanthe* spp.: aínda que Francisco Bernis (e Ríos Naceyro en 1850) citan pedreiro para este xénero (Bernis, 1995), a maioría das acepcións modernas tomadas da fala identificámolos como *Apus apus*: pedreiro en Goián (Pontevedra) e pedreira na Gudiña, Ourense (García, 1985) ó igual có pedreiro portugués (Pereira, 1979). Aínda que Villarino (1997) recolle pedreiro para *Phoenicurus ochruros* na Limia. Chasco rexístrase tamén como *Oenanthe* (Bernis, 1995; Pereira, 1979; Sacarrão e Soares, 1979), que supomos xeneralización deste nome común para *Saxicola torquata* en Galicia e norte de Portugal. Ante o descoñecemento doutros nomes mantemos a proposta de Penas e Pedreira (1990), pedreiro, avalada por F. Bernis e Ríos Naceyro (Bernis, 1995).
- (70) *Monticola saxatilis*: merlo rubio propúxose en Penas e Pedreira (1990) en base ás características da especie, sendo máis conciso ca merlo das rochas (Conde e Vidal, 1991).
- (71) *Turdus iliacus*: parece conveniente eliminar tordo malvís (Penas e Pedreira, 1990; Conde e Vidal, 1991) pois malvís é, sendo estrictos, un nome popular de *Turdus philomelos* en Galicia (Bernis, 1995; García, 1985). Tomamos tordo rubio en base ó port. Tordo-ruivo e esp. Zorzal Alirrojo.
- (72) *Turdus viscivorus*: Conde e Vidal (1991) propoñen tordo do visgo, inspirándose no lat. *viscivorus*. Sen embargo esta proposta non téñ tradición en galego. En Pedreira e Penas (1990) tordo charlo. Charlo é voz castelá de orixe onomatopéica. En portugués denomínase tordeia ou tor-doveia. Sen embargo pensamos que se debería manter a voz tordo, con modificadores, para a especie, conforme os usos populares. Os únicos nomes populares galegos que coñecemos, tordo mariño e tordo real (Bernis, 1995), teñen problemas de uso, por ser pouco claro o primeiro, coincidir con outro nome o segundo, e carecer de tradición. Ante isto é quizá preferible a forma con certa tradición en galego (tordo charlo) a pesar da procedencia foránea.
- (73) *Cisticola juncidis*: carece de nome popular galego, quizá debido á súa recente expansión. Pica-xuncos, referida en Penas e Pedreira (1990) é creación destes autores. Carriza dos xuncos é proposta de Conde e Vidal (1991), en base á variante portuguesa carriça-do-ar (Pereira, 1979), o fr. cisticole des joncs e o nome científico. En port. prefírese hoxe fuinha, ó parecer nome popular da ave, que curiosamente coincide coa denominación da garduña nesta lingua.
- (74) *Sylvia atricapilla*: a denominación papuxa das amoras (Penas e Pedreira, 1990) téñ un precedente na voz moreira, que recolle Luís Iglesias (1927). Nós temos recollido sombreiro-negro no Baixo Miño e Bernis (1995) cabecita na provincia de Pontevedra. Cabeciña negra cítase por Villarino (1997).
- (75) *Parus major*: as denominacións máis comúns para esta especie son ferreiriño e ferreiro (García, 1985). En Penas e Pedreira (1990) úsase ferreiro abelleiro, que inclúe outro nome popular da especie, abelleiro, moi coñecido no oriente galego (X. M. Penas Patiño, com. pers.).
- (76) *Sitta europaea*: piquelo (Penas e Pedreira, 1990) é nome popular para *Dendrocopos major* e *Picus viridis* nas serras orientais luguesas, desde Lóuzara a Os Ancares, pasando polo Courel (Penas e Pedreira, 1977). Gabeador é denominación popular basicamente para *Certhia brachydactyla* (datos propios; Iglesias, 1927) da mesma maneira có trepador español e a trepadeira portuguesa (Bernis, 1995; Pereira, 1979). Por extensión aplícaselle a *Sitta*, mediante un modificador. Ante a carencia total doutros nomes, que deben de existir pero que descoñecemos, seguimos en Conde e Vidal (1991) a pauta marcada por estes idiomas ibéricos.
- (77) *Lanius senator*: propomos picanzo cabecirrubio,

que define mellor os trazos da especie ca picanzo encapuchado, adaptación do port. picanço-barreteiro por Conde e Vidal (1991). En Penas e Pedreira (1990) úsase picanzo rebordá. Rebordá é modificador dun dos nomes de *Garrulus glandarius* na metade norte das provincias de Lugo e A Coruña, pega rebordá, e que algúns dicionaristas interpretaron tamén como vernáculo para *Lanius* en xeral, o cal é incerto. Pega rebordá, pega rebuldán e pega rebuldana son, por tanto, voces frecuentes para *Garrulus glandarius* e o seu uso para *Lanius senator* está inxustificado.

- (78) *Corvus monedula*: X. M. Penas Patiño (com. pers.) rexistra corvo cereixeiro en Cartelle (Ourense) para esta ave que encontro relacionado cos aplicados a *Oriolus oriolus*, denominado cereixeiro nalgúns lugares (Rivas Quintas, 1978). En todo caso aplicaríamolle o nome gralla, pois non sería coherente chamarlle así só a *Corvus frugilegus* sendo esta unha denominación relativamente ben presente en Galicia. ó reservarmos choia para *Pyrrhocorax*. Para este último xénero coñécese en Galicia as denominacións gralla, choia e chaiva (Xurxo Mourinho, com. pers.). Gralla pequena é creación de Conde e Vidal (1991) tomando como modelo o cast. estándar e popular grajilla que define mellor ca cereixeira os trazos desta ave. En portugués gralha-de-nuca-cinzenta, excesivamente longa.
- (79) *Corvus corone*: corvo común (Conde e Vidal, 1991) cámbiase a corvo pequeno, por oposición a *Corvus corax*. Corvelo é tamén unha denominación recollida en Vilardevós (Ourense) e que atribuímos a *Corvus corone* (M. C. Gil Suárez, en García, 1985). En Penas e Pedreira (1990) corvo viaraz, cun modificador incomprensible.
- (80) *Passer hispaniolensis*: pardal mouro, do esp. gorrion moruno, considerámolo máis apropiado ca pardal español no noso contexto xeográfico e cultural.
- (81) *Fringilla montifringilla*: a denominación pimpín real para esta especie (Penas Pedreira, 1990) é nome para *P. pyrrhula* polo menos en Vigo (X. M. Penas Patiño, com. pers.). No Courel e comarca ourensá do Bolo chinca real (chinca=pimpín) é tamén denominación para *P. pyrrhula* (Penas e Pedreira, 1980). Por iso preferimos outro nome, tal como pimpín do norte proposto por Conde e Vidal (1991) a partir do fr. pinson du nord. Adoptar o port. tentilhão-montês (=pimpín montês) non parece moi xustificado.
- (82) *Carduelis spinus*: Penas e Pedreira (1980) rexistran en Baio (Zas, Coruña) pincaouro (de penca "pinta", e ouro) para esta especie. Sen embargo tamén comentan que outros autores a interpretan como *Carduelis carduelis*. Úbalo tómano Conde e Vidal (1991) de paxareiros de Alcabre, Vigo (Pontevedra), coñecéndose tamén nas Mariñas coruñesas, p. e. en Cerceda (J. A. de Souza, com. pers.). Esta voz, úbalo, relaciónase coa asturiana úvalo (úbalu), citada en Bernis (1995), e ubanu (Noval, 1985). Tamén similar ás casteláns úbano, lúbano, lúcano, lúbano, lúgano e lúgaro (Bernis, 1995). Todas elas poden considerarse variantes da estándar española lúgano, que tamén a rexistran Penas e Pedreira (1980) en Cambados (lúghano), sen tradición no galego. Penas e Pedreira (1980) dan tamén para o galego o castelanismo "cabecita", en Cariño (Coruña) e verdín en varias localidades de Coruña e Ourense, como *Carduelis spinus* e ás veces como *Carduelis chloris* ou *Serinus serinus*.
- (83) *Pyrrhula pyrrhula*: Penas e Pedreira (1980) citan cardenal en Monfero (Coruña) e Tui (Pontevedra) e Pedreira *et al.* (1990) en Ames (Coruña) como *Pyrrhula pyrrhula*. Bernis (1995) dá cardenal ou cardeal, de Ríos Naceyro (1890) para Galicia e Noval (1985) cardenal para Asturias. Cardeal, por outra parte, é tamén voz popular para a especie en Portugal (H. Costa, com. pers.), aínda que hoxe prefírese dom-fafe, de orixe alemana. Paporrubio real tírano Penas e Pedreira (1977) do dicionario galego de Valladares, do século pasado, sen que saibamos do seu uso actual. Outros nomes populares hoxe vivos, aparentemente locais, son: frade, tillasancre ("tella-sangue"), chinca real, peitorroxo e pimpín real.
- (84) *Zonotrichia albicollis*: descoñécese a existencia dun nome lusófono da ave, por iso na nova lista portuguesa en preparación recóllese chingolito (Hélder Costa, com. pers.) tomado do español americano. Nós facémolo igualmente.
- (85) *Emberiza cia*: escribitor de garganta cincenta (Conde e Vidal, 1991), forma tomada da variante portuguesa escrevedeira-de-garganta-cinzenta, é unha voz excesivamente longa. Penas e Pedreira (1977, 1978) crean o nome escribenta riscada que permite una denominación binomial.

- (86) *Miliaria calandra*: a voz trigueiro (pl. trigueirões) ten un precedente xa en 1616, no texto portugués de cetrería de Fernandes Ferreira, con identificación incerta: "ave agreste que não peregrina". Na acepción xeral galega debe referirse a outros embercídos e escasamente a *Miliaria calandra*, como corresponde á pouca frecuencia desta última ave en boa parte de Galicia, polo menos nos sistemas agrícolas tradicionais do occidente. Trigueiro rexístrao Iglesias (1927) para *Emberiza citrinella*. Hoxe en día trígau no val de Verín (Penas e Pedreira, 1980) e trígal en Pontedeume, que os autores citados sinalan maiormente para embercídos. F. Fernández Rei, en García (1985) recolle trígal en Cariño como *Emberiza calandra*, mais considero errónea esta identificación. O trigueiro de Conde e Vidal (1991) e Penas e Pedreira (1990) foi tomado a partir do modelo do cast. triguero (pop. triguerrón) e port. trigueirão, coa variante trigueiro (Pereira, 1979) non dispoño doutras alternativas xustificadas. Téñase en conta que, en galego, por extensión podería aplicarse a *Miliaria* pero a acepción orixinaria debe considerarse como *Emberiza*, en contra do que interpretan Bernis (1995) e Conde e Vidal (1991). Por tanto, considerouse oportuno modificar trigueiro en trigueirón, coincidindo co portugués trigueirão e máis coherente cos usos da fala en Galicia.
- (87) *Pheuticus ludovicianus*: descoñecemos calquera nome lusófono para esta especie neártica, por esta razón propomos a adaptación realexo, do hispanoamericano realejo, coincidente coa voz realejo recollida na nova lista portuguesa en preparación (H. Costa, com. pers.).
- (88) *Dolichonyx oryzivorus*: tristepía é nome onomatopéico brasileiro (Sick, 1993), acollido tamén na nova lista portuguesa en preparación (H. Costa, com. pers.).

SUMMARY

Galician names for Iberian birds: a complete checklist with comments

This paper provides a first complete list of Iberian bird names in Galician language. Explanations about proposed names are given, following a previous work made by the author and published in the first Galician Congress of Ornithology. This list is now published

with the aim of making possible an unified list of bird names in that language.

Key words: bird names, Iberia, Galician language.

AGRADECIMENTOS

A José M. Martínez Mariño, Jorge Mouriño Lourido, Francisco Sierra Abraín, J. A. de Souza Bazzara e Afonso Rodríguez, que me proporcionaron información sobre vernáculos. A Miguel Lustres, Dr. Jesús Domínguez Conde, Dr. Francisco Novoa Docet e Rafael Salvadores Ramos, por diversas colaboracións e axudas. Ó persoal do Museo Luís Iglesias (Santiago) e Biblioteca Penzol (Vigo) pola súa atención. Ó Dr. Antón Santamarina, do Instituto da Lingua Galega, e Fernando Álvarez-Balbuena polos seu comentarios, e en especial a Xosé Manuel Penas Patiño, que amablemente cedeu información sobre diversos nomes e sobre as fontes das súas propostas anteriores. A Hélder Costa, da Sociedade Portuguesa para o Estudo das Aves, que me enviou valiosa información dos diversos países que falan portugués. Finalmente, e tamén moi especialmente, a Luís José Salaverri Leiras, Rafael Salvadores Ramos e Asier Rodríguez Larrinaga polas críticas ó borrador e os seus comentarios.

BIBLIOGRAFÍA

- Alvar, M. (1985-89). *Léxico de los marineros peninsulares*. Arco libros, Madrid.
- Bernis, F. (1995). *Diccionario de nombres vernáculos de aves*. Ed. Gredos, Madrid.
- Castroviejo, J. e Castroviejo, S. (1974). *Gran Enciclopedia Gallega*, II: 81. Ed. Silverio Cañada. Santiago.
- C. E. D. T. (1992). *Collins English Dictionary and Thesaurus*. Versión 1.5. HarperCollins, Software and WordPerfect Corporation.
- Conde, M. A. e Vidal, T. A. (1991). Nomes galegos para as aves ibéricas: unha nova proposta. En A. Fernández-Cordeiro y J. Domínguez (Eds.): *Actas do Primeiro Congreso Galego de Ornitoloxía*, págs. 249-268. Universidade de Santiago de Compostela.
- De Juana, E. (1995). *Lista de las aves de la Península*

- Ibérica*. Tercera edición. SEO, Madrid.
- Fernandes Ferreira, D. (1616). *A arte da caça de altanaria*. Ed. de 1958, Clássicos Diana, Lisboa.
- García, C. (1985). Glosario de voces galegas de hoxe. *Verba*, anexo 27.
- Iglesias, L. (1927). Aves de Galicia. *Arq. Sem. Est. Gal.*, 1: 251-262.
- Jorge Pádua, M. T. e Coimbra Filho, A. F. (1979). *Os parques nacionais do Brasil*. Ed. Incafo, Madrid.
- Machado, J. P. (1977). *Dicionário etimológico da língua portuguesa*. Livros Horizonte, Lisboa.
- Navaza, G. e Lastra, X. (1993). *Diccionario Xerais da lingua*. Ed. Xerais, Vigo.
- Noval, A. (1985). *La fauna salvaje asturiana*. Ed. Ayalga, Asturias.
- Otero Álvarez, A. (1966). Voces onomatopéicas del gallego-portugués. Separata de *Homenaje al Prof. Alarcos*. Tomo II. Universidad de Valladolid.
- Pedreira López C., Costoya Hernández, M. I., López Pérez, F. e Otero Soengas, G. (1990). Nomenclatura das aves do concello de Ames. *Verba* 17: 117-144.
- Pedreira López, C. e Penas Patiño, X. M. (1977). Lista patrón de aves de Galicia I. *Braña*, 1: 131-142.
- Pedreira López, C. e Penas Patiño, X. M. (1978). Lista patrón de aves de Galicia II. *Braña*, 2: 25-38.
- Penas, X. M e Pedreira, C. (1976). Nomes galegos das aves do xénero *Streptopelia* e *Columba*. *Verba*, 3: 347-356.
- Penas, X. M e Pedreira, C. (1977). Nomes galegos de aves piciformes. *Verba*, 7: 343-354.
- Penas, X. M e Pedreira, C. (1980). Nomes galegos das aves da familia Fringillidae. *Verba*, 7: 355-377.
- Penas Patiño, X. M. e Pedreira López, C. (1980). *Guía das aves de Galicia*. Ed. Galaxia, Vigo.
- Penas Patiño, X. M. e Pedreira López, C. (1990). *Guía das aves de Galicia*. Ed. Bahía, A Coruña.
- Pensado, J. L. (1973). *Catálogo de voces y frases de la lengua gallega*. Universidad de Salamanca, Salamanca.
- Pereira J.F (1979). *Nomenclatura da fauna ornitológica, algumas variantes da nomenclatura portuguesa*. Serviço de Estudos do Ambiente, Lisboa.
- RAG-ILG. (1990). *Diccionario da lingua galega*. A Coruña-Santiago.
- Ríos Panisse, M. C. (1983). Nomenclatura de la fauna y flora marítimas de Galicia. II. Mamíferos, aves y algas. *Verba*, Anexo 19.
- Rivas Quintas, E. (1978). *Contribución al diccionario gallego*. Ed. Ceme, Salamanca.
- Sacarrão G. F. e A. A. Soares (1979). Nomes portugueses para as aves da Europa, con anotacións. *Arquivos do Museu Bocage*, (2ª série) 23: 395-480.
- Sick, H. (1993). *Birds in Brazil: A Natural History*. Princeton University Press.
- S.G.H.N (1995). *Atlas de vertebrados de Galicia*. Tomo II. SGHN-Consello da Cultura Galega. Santiago.
- Shirihai, H., Forsman, D. e Christie, D. (1998). Field identification of large falcons in the West Palearctic. *Brit. Birds*, 91: 12-35.
- Taboada, M. (1988). Léxico de la comarca de Verín. *Boletín Avriense*, Anexo 14.
- Tait, W. (1924). *The Birds of Portugal*. Londres.
- Villarino, A. (1997). Da cigoñeira á fonte da bubela. En X. L. Martínez Carneiro (Ed.): *Antela, a memoria asolagada*, páxs. 122-132. Ed. Xerais, Vigo.

Miguel Angel Conde Teira
R/ Cidade do Porto 22-2ºB
36201 Vigo (Pontevedra)